

Estatística de fluxos da poboación activa

Datos correspondentes ao terceiro trimestre de 2024

Resumo de resultados 25/10/2024

ÍNDICE

Introdución	1
Fluxos totais.....	1
Matriz de transicións	3
Definicións, fontes e más información.....	5

Introdución

A [Estatística de fluxos da poboación activa](#) é unha operación estatística encamiñada a analizar a evolución da poboación (ou de grupos particulares dela) no que concirne a súa relación co mercado laboral. Toma como base de partida a [Enquisa de poboación activa \(EPA\)](#), investigación por mostraxe, continua e de periodicidade trimestral, elaborada polo [Instituto Nacional de Estadística \(INE\)](#) en colaboración co IGE (dende o terceiro trimestre de 2009). A partir dos resultados trimestrais desta, estímanse as transicións brutas entre as situacións de ocupación, paro e inactividade dun trimestre a outro.

Os resultados calcúlanse a partir da mostra común dos dous trimestres e engádensem as persoas do trimestre que chegan do estranxeiro ou cumpriron 16 anos no último trimestre.

A EPA incorporou as cifras do Censo de poboación e vivendas do INE de 2021 ás súas estimacións dos anos 2021 en diante. Para máis información consultar a seguinte [ligazón](#).


Fluxos totais

No terceiro trimestre de 2024, 67.300 persoas pasaron a formar parte da poboación activa en Galicia. Outras 49.400 persoas que, no trimestre pasado, formaban parte da poboación activa da nosa Comunidade Autónoma, abandonaron este colectivo. O saldo entre as entradas e as saídas da actividade neste trimestre foi positivo (pasaron á situación de actividade un maior número de persoas das que a abandonaron).

Con respecto ao acontecido no mesmo trimestre do ano anterior, producíronse menos entradas á situación de actividade no terceiro trimestre de 2024 (-4.500); con respecto ás saídas, neste trimestre a cifra é inferior á de hai doce meses (-1.400).

Fluxos de persoas que entran e saen da actividade cada trimestre. Galicia

Unidade: miles de persoas




Fonte: INE-IGE. Estatística de fluxos da poboación activa ([descarga da táboa](#))

O fluxo de entrada á ocupación no terceiro trimestre de 2024 en Galicia situouse en 75.300 persoas, e o de saída en 53.600 persoas. O saldo entre as entradas e as saídas da ocupación neste trimestre foi, polo tanto, positivo. Con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, a cifra de entradas é superior (1.400) e a de saídas é superior (4.700).

Fluxos de persoas que entran e saen da ocupación cada trimestre. Galicia

Unidade: miles de persoas




Fonte: INE-IGE. Estatística de fluxos da poboación activa ([descarga da táboa](#))

No que respecta aos fluxos de paro, este trimestre 57.700 persoas pasaron a formar parte da poboación parada; outras 61.600 persoas abandonaron esta situación, polo que o saldo entre saídas e entradas este trimestre foi positivo. É dicir, pasaron a formar parte da poboación parada menos persoas das que abandonaron o colectivo no trimestre de referencia. Con respecto ao acontecido hai un ano, rexistrouse un maior fluxo de entradas á poboación parada (1.600) e un maior fluxo de saídas da poboación parada en Galicia (1.500).

Fluxos de persoas que entran e saen do paro cada trimestre. Galicia

Unidade: miles de persoas



Fonte: INE-IGE. Estatística de fluxos da poboación activa ([descarga da táboa](#))

Matriz de transicións

A representación da poboación nunha matriz que relate a súa situación de actividade no trimestre actual con respecto a súa situación no trimestre anterior, achega información sobre o destino dos fluxos de entrada e saída dos que se falou no apartado anterior. Con esta matriz pódese saber, entre outras cousas, que porcentaxe dos que abandonaron a situación de inactividade pasou a formar parte da poboación ocupada e que porcentaxe ingresou na poboación parada; ou cantas persoas das que abandonaron a situación de paro o fixeron por atopar un emprego (pasaron a formar parte da poboación ocupada) ou por abandonar a situación de actividade (pasaron a formar parte da poboación inactiva).

Das 67.300 persoas que deixaron de formar parte da poboación inactiva de Galicia entre o segundo trimestre de 2024 e o terceiro trimestre de 2024, o 50,7% começaron a traballar (no terceiro trimestre de 2024 forman parte da poboación ocupada) e o 49,3% restante buscan emprego (forman parte da poboación parada).

Poboación de 16 ou más anos segundo a relación coa actividade económica no trimestre actual e a relación coa actividade económica no trimestre anterior. Galicia. Terceiro trimestre de 2024

Unidade: Miles de persoas

Relación coa actividade económica anterior	Total	Poboación ocupada	Poboación parada	Poboación inactiva
Total trimestre anterior	2.373,5	1.159,4	112,5	1.101,6
Poboación ocupada (trimestre anterior)	1.137,7	1.084,1	24,5	29,0
Poboación parada (trimestre anterior)	116,3	41,2	54,7	20,4
Poboación inactiva (trimestre anterior)	1.112,1	34,1	33,2	1.044,8
Non consta (trimestre anterior)	7,5	0,0	0,0	7,5

Fonte: INE-IGE. Estatística de fluxos da poboación activa ([descarga da táboa](#))

Nota: debido á metodoloxía empregada na súa elaboración, os resultados non necesariamente coinciden cos saldos netos da EPA trimestral, explicándose as diferenzas principalmente polos colectivos de "non consta" (persoas que cumplen 16 anos no paso dun trimestre a outro e as persoas que non residían en España no trimestre anterior).

Con respecto ao fluxo de saída da poboación ocupada, o 45,8 % das 53.500 persoas que no segundo trimestre de 2024 estaban traballando e no terceiro trimestre de 2024 deixaron de estalo pasaron a formar parte da poboación parada; o 54,2 % pasaron á situación de inactividade.

Finalmente, e como se mencionou no apartado anterior, a redor de 61.600 persoas deixaron de estar en paro no terceiro trimestre de 2024. Destas, o 66,9 % atoparon emprego e pasaron a formar parte da poboación ocupada e o 33,1 % pasaron a formar parte da poboación inactiva.

Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Poboación de 16 ou máis anos por relación coa actividade económica no trimestre actual segundo a relación coa actividade económica no trimestre anterior. Galicia e provincias
- Fluxos de persoas no mercado laboral. Galicia

Fontes de información

INE-IGE. Estatística de fluxos da poboación activa